

## ASISTENTES:

Cándido Pérez Betanzos	da CIG
Luis Pérez Gómez	da CIG
Ramón Barreiro García	da CIG
Luis José Olivares Requejo	de CCOO
Mercedes Alonso Alonso	de CCOO
Francisco Javier Fernández Martínez	de CCOO
Cesáreo García Camiña	da UGT
Manuel Velasco Graña	Delegado Sindical de CCOO

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo ás 10 horas da mañá, procedéndose a estudar os temas expostos na orde do día.

### 1. Lectura e Aprobación da Acta anterior:

Léese e apróbase por unanimidade a acta do 18 de Xuño do 99.

### 2. Aprobación do Regulamento do Comité Intercentros:

Apróbase por unanimidade, logo de facerse unha modificación no artigo 25.2, parágrafo 2 do regulamento: "Para a ~~aprobación e posterior~~ modificación do presente regulamento precisarase da maioría de 2/3 dos membros do Comité."

### 3. Programa de Traballo:

Establécese un programa de traballo no que se establece como urxente a negociación do convenio colectivo, formándose una comisión das distintas forzas sindicais. Ademais se programa o calendario de traballo para temas como Elaboración da RPT, Manual de Funcións, Acordo Marco, Estudio de Plantilla, Saúde Laboral, Formación e Acción Social.

### 4. Asuntos de Trámite:

- Informe de que xa se enviou resposta á circular de vacacións da Xerencia.

- Recibiuse resolución de traslado dende a Universidade de Santiago á Universidade de Vigo.
- Informase dos acordos da Xunta de Goberno
- Recibido escrito de reclamación da selección de colaboradores de ATB<sup>1</sup>, considérase é competencia do tribunal seleccionar o procedimento axeitado..
- Informase das seleccións de persoal para Auxiliar de Servicio, Biblioteca, Encargado de Correos (feito o exame e enviado a RR.HH.) e Informática.

### **ACORDOS:**

- Aprobar o Regulamento do Comité Intercentros (coa modificación indicada).
- Mandar escrito para iniciar o proceso de Negociación do Convenio coa Xerencia.
- Enviar escrito de resposta á reclamación do proceso de ATB.

Fdo: Luis José Olivares Requejo  
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos  
(Presidente)

---

<sup>1</sup> ATB = Auxiliares Técnicos de Biblioteca.